



BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN NO SERVIZO “BARBADÁS CONCILIA VERÁN 2024”

As presentes bases regularán o proceso de inscrición no servizo “Barbadás Concilia Verán” no ano 2024. Trátase dun programa de conciliación con actividades que terán lugar nos meses de xullo e agosto, de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas da mañá, organizado polo Concello de Barbadás.

1. NÚMERO DE PRAZAS E QUENDAS

1.1 Ofértanse 240 prazas por cada quincena coa seguinte distribución:

20 prazas en cada unha das seguintes opcións:

- Urbán “A” (nados entre 2018 e 2020) A Valenzá.
- Urbán “B” (nados entre 2012 e 2017) A Valenzá.
- Barbadás (nados entre 2012 e 2020).
- As Lamas (nados entre 2012 e 2020).
- Piñor (nados entre 2012 e 2020).
- Sobrado (nados entre 2012 e 2020).
- Bentraces (nados entre 2012 e 2020).
- Parada (nados entre 2012 e 2020).
- Loiro (nados entre 2012 e 2020).
- Finca Fierro (nados entre 2012 e 2020).
- Fonsillon (nados entre 2012 e 2020).
- Santa Uxía (nados entre 2012 e 2020).

1.2 Quendas: Todos as opcións ofértanse para cada unha das quincenas, sendo éstas:

- 1º quincena xullo (1 a 15 de xullo)
- 2º quincena de xullo (16 a 31 de xullo, agas o día 25 por ser festivo autonómico)
- 1º quincena agosto (1 de agosto a 14 de agosto)
- 2º quincena de agosto (16 a 30 de agosto)

1.3 Cada opción terá un número máximo de 20 prazas, e un número mínimo de 6 participantes para a súa realización.





1.6 Os/as solicitantes podrán participar en 2 quendas podendo solicitar ata 3 diferentes e indicando a orde de prioridade (antes de conceder o 2º turno darase prioridade a quen non participase en ningún).

2. PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL.

2.1 As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no apartado que figura no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios necesarios se os precisaran (indicar si precisan axuda de terceira persoa no desenvolvemento das actividades).
- Ter capacidade de integración no grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades programadas que se van a desenvolver.

Os requisitos sinalados serán condición para a admisión da solicitude e o seu incumprimento non permitirá a participación da persoa solicitante na actividade.

2.2 Porén, a organización reservará en cada quenda un 5% das prazas para os solicitantes con discapacidade igual ou superior ao 33% que cumpra os requisitos do punto 2.1.

2.3. En función do tipo de discapacidade, poderían excepcionarse a algún tipo de actividade dentro da programación. De ser o caso, o participante non podería participar nesa actividade específica.

3. PRAZOS.

O prazo de inscrición será desde o día 22 de abril ata o día 3 de maio (ámbolos dous incluídos) podendo ampliar este prazo en caso de non cubrir a totalidade das prazas.

Listado provisional de admitidos/as publicarase o día 20 de maio.

O prazo para o pago do servizo será do día 20 ao 24 de maio.

Listado definitivo publicarase o día 30 de maio.

O listado provisional e definitivo de admitidos/as publicarase na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es).





4. ADXUDICACIÓN.

Sera requisito indispensable para a adxudicación de praza cumprir cos criterios de idade.

No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa.

A adxudicación realizarase segundo a orde de prioridade fixada na solicitude.

No caso de que o número de prazas solicitadas si supere o número de prazas ofertadas, a orde de prioridade establecerase tendo en conta, os seguintes requisitos:

- O/a menor solicitante estea empadroad/a no Concello de Barbadás.
- Proxenitores/as estéan traballando no periodo solicitado de disfrute da actividade.
- Criterio de valoración da renda familiar, priorizando as familias cuxa renda per capita sexa menor.
- Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado obtido o 27 de febreiro de 2024 do Sorteio anual para resolver o empate do curso escolar 2024/2025 o que fai referencia o artigo 34 da orde do 21 de outubro de 2022.

Para resolver o empate, terase en conta o número **0,70**, resultante do sorteo público, dividido entre 100 (70/100).

Este número multiplicarase polo número de solicitudes empatadas, e o resultado da multiplicación redondearase á alza.

O número enteiro obtido determinará a solicitude que ocupará o primeiro lugar seguindo a orde do número de rexistro das solicitudes.

- Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha lista de espera, seguindo a orde establecida no apartado anterior,
- No caso de que varios irmáns presenten solicitude para a mesma opción e quenda, o feito de que un dos irmáns sexa admitido, suporá a admisión dos demais irmáns.
- No caso de que o solicitante se lle adxudiquen dous opcións, a adxudicación da segunda quedará condicionada a que non existan en lista de espera de dita opción solicitantes aos que non se lles adxudicase ningunha.

4.1 Os solicitantes admitidos deberán realizar o pagamento no prazo e forma que se indican no artigo 3 das presentes bases.





4.2 A realización do pago dentro deste prazo suporá a confirmación da praza.

4.3 Para os solicitantes que se atopen no punto 2.2, seguirase o mesmo procedemento.

4.4 As solicitudes fóra do prazo indicado estarán suxeitas á existencia de prazas libres

Artigo 5. Cálculo da Renda per Cápita da unidade familiar

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 entre o número de membros computables (calculados segundo o establecido no artigo 6.1 das presentes bases).

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 5.1. Membros computables da unidade familiar

Para os efectos das presentes bases, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do/a menor.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando exista custodia compartida.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Artigo 6. Documentación a achegar

Deberá presentarse ademais da solicitude debidamente cumprimentada a seguinte documentación:

Para a acreditación da incompatibilidade horaria dos/as país/nais ou titores:

-No caso de traballadores por conta allea: certificado da empresa en que se acredite o seu horario laboral e o periodo de disfrute das vacacións no verán 2024. Deberá estar actualizado.





CONCELLO DE BARBADÁS

-No caso de traballadores por conta propia (autónomos) : declaración xurada do profesional que traballa por conta propia con indicación da xornada laboral, o periodo de disfrute de vacacións no verán 2024, e o último recibo en vigor da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- No caso de familias monoparentais: deberán achegar documentación que o acredite (libro de familia, sentenza ou convenio regulador onde indique o reximen de custodia...).
- No caso de que non exista vínculo matrimonial, e ambos proxenitores convivan co menor: deberán achegar, libro de familia e certificado de convivencia expedido polo Concello correspondente.
- Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

Para o cálculo da renda per cápita, a/as persoa/persoas fixadas no artigo 5 e 5.1 das presentes bases, deberán achegar:

- Para o cálculo dos ingresos obtidos durante o ano 2022:
 - Declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2022. En caso de que non a presentasen certificación de empresa dos ingresos obtidos durante o ano 2022, ou se estivo cobrando algunha prestación durante o ano 2022, certificación por parte da entidade pagadora do total da prestación percibida durante dito ano.
 - No caso de non haber tido ingresos durante o ano 2022 e non haber presentado declaración do IRPF, certificado da Axencia Tributaria de non obter ingresos durante dito ano.
- Para o cálculo dos membros computables da unidade familiar:
 - Copia do libro de familia; na súa falta, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

No caso de menores que se atopen na situación do artigo 2, certificado de recoñecemento de discapacidade que recolla a non necesidade de axuda de terceira persoa.

7. INSCRICIÓN.

7.1 As inscricións realizaranse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>.





- De forma presencial no rexistro (Casa do Concello, Oficinas A Valenzá).
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

8. PAGAMENTO.

- O custo da praza para os solicitantes é de 20 euros por neno/a e quenda.

O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria o número de conta / IBAN: ABANCA (A VALENZÁ): ES21 2080 5342 5431 1000 9242

*Indicando como concepto “Barbadás Concilia”, e o nome e apelidos do menor.

(prazo: 20-24 de maio).

Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo que se acredite a imposibilidade do neno/a de asistir á actividade mediante certificado médico que deberá presentarse cun mínimo de antelación de 48 horas antes do inicio da actividade.

9. CHAMAMENTO POR LISTA DE ESPERA.

No suposto de que quedasen prazas vacantes, enviarase un correo electrónico por rigorosa orde ós solicitantes en lista de espera, que deberán efectuar o pagamento nun prazo de dous días unha vez recibida a comunicación vía e-mail da súa admisión na actividade.

10. NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

É obrigatoria a asistencia. Un 25% de faltas sen xustificar dará lugar a baixa automática no programa Barbadás Concilia. Só se permitirán como xustificantes válidos de falta de asistencia:

- Xustificante médico por enfermidade ou ingreso do/a neno/a ou de familiar co que conviva.

No caso de que o comportamento dun neno/a afecte ao normal funcionamento da actividade, procederase a avisar a familia e a dar o/a de baixa. Esta baixa do/a neno/a non dá dereito a devolución do importe pagado.

11. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Concellería de Educación.

Teléfono de información: 988 24 68 85 (Concellería de Educación).

Correo electrónico: educacion@barbadas.es





CONCELLO DE BARBADÁS

<http://www.barbadas.es>

*A participación nos campamentos suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.
O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento do programa “Barbadás Concilia Verán”.*

